



**Convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 11 de abril de 2016, no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (*Lectura, Información e Aprendizaxe*), do III CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o curso 2015/2016.**

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) establece, no seu artigo 1, como un dos principios básicos que inspira o sistema educativo, o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.

O artigo 2.1 da devandita Lei, referido aos fins do sistema educativo recolle, entre outros, o desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor. Tamén se contempla como fin a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte. O artigo 2.2 recolle así mesmo, que os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza e, en especial, a cualificación e formación do profesorado, o seu traballo en equipo, a dotación de recursos educativos, a investigación, a experimentación e a renovación educativa, o fomento da lectura e o uso de bibliotecas, a autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión, a función directiva, a orientación educativa e profesional, a inspección educativa e a avaliación.

O desenvolvemento curricular galego recoñece a necesidade de incorporar metodoloxías por proxectos ás prácticas docentes. Así, o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 15, punto 2, recolle que “a metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real”. Á súa vez, o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na nosa Comunidade, recolle varias referencias a estas metodoloxías. Así no artigo 11, punto 9, contempla que “para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar”.

O artigo 113 da devandita Lei fai unha mención específica ás bibliotecas escolares sinalando que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, engadindo que estes recursos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

formarse no uso crítico dos mesmos, debendo contribuír estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura.

O Marco de referencia sobre as bibliotecas escolares, publicado polo Ministerio de Educación en 2011 recolle no capítulo 4, entre os ámbitos de actuación da biblioteca escolar, os programas para a adquisición da competencia informacional (ALFIN, tratamiento da información e competencia dixital), detallando que o papel da biblioteca escolar sería o de dispoñer os recursos de forma efectiva, orientar na súa utilización, deseñar xunto co resto do profesorado programas de formación na busca, selección e uso das fontes informativas e o traballo documental, apoiar propostas de proxectos interdisciplinarios que favorezan o uso dos recursos informativos e a elaboración de traballos de investigación documental, e axudar ao profesorado a que desde as súas respectivas materias reforce estas aprendizaxes.

O Plan LÍA (Lectura Información e Aprendizaxe) de Bibliotecas Escolares da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ten entre os seus obxectivos xerais o de promover cambios no profesorado que faciliten a integración das tecnoloxías emergentes, a mellora da calidade e a renovación das prácticas educativas. Contempla tamén como obxectivos favorecer a adquisición das competencias clave do alumnado galego, contribuír ao éxito escolar e incentivar o uso das bibliotecas escolares por parte das comunidades educativas. Unha das liñas estratégicas para acadar os seus obxectivos é a de ampliar a visibilidade de boas prácticas que se estean a levar a cabo nos centros educativos a través das bibliotecas escolares.

Desde os inicios das actuacións para a renovación das bibliotecas dos centros, a través do Plan de mellora de bibliotecas escolares, a Administración educativa galega apostou por un modelo de biblioteca que favorecese a formación de lectores competentes, pero tamén o desenvolvemento de competencias clave na sociedade da información, nomeadamente, a competencia informacional ou para o uso e producción de información. Estes contidos foron incluídos, así mesmo, no itinerario formativo destinado á formación permanente do profesorado no ámbito das bibliotecas escolares.

Así, as convocatorias do Plan de mellora de bibliotecas escolares pretenden impulsar a existencia de bibliotecas que recollan, entre outros, “o deseño e desenvolvemento de programas para a adquisición da competencia informacional ou de uso, tratamiento e producción de información nos diferentes soportes e formatos”, así como “as posibilidades que ofrece a biblioteca para a incorporación de metodoloxías innovadoras e consecuentes coas necesidades educativas actuais.”

As instrucións de 1 de setembro de 2015, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, para o curso 2015/2016 recollen na cláusula Primeira, punto 5, que a biblioteca escolar deberá facilitar o tratamiento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinario en proxectos e actividades, contribuíndo así aos cambios metodolóxicos que se demandan na actualidade.

A través do seguimento do Plan LÍA coñecese o importante esforzo que están a facer as comunidades educativas en consonancia con todo o anterior, e que se pon de manifesto no



importante número de centros que xa están introducindo a metodoloxía de aprendizaxe por proxectos, liderados pola biblioteca escolar ou que se desenvolve co seu apoio.

Trala boa recepción por parte do profesorado das convocatorias anteriores desta iniciativa e á vista de todo o anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que coordina as intervencións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura, dispón:

#### Apartado 1: Obxecto, destinatarios e financiación.

1. **Estimular, mediante o recoñecemento de boas experiencias de traballos por proxectos**, o deseño e desenvolvemento de proxectos de carácter interdisciplinario ou de proxectos de investigación, **baixo a coordinación do equipo de biblioteca escolar ou co apoio desta**, na liña da metodoloxía de aprendizaxe baseada en proxectos (ou ABP), realizados en centros non universitarios durante o presente curso 2015/2016.
2. Poderán participar neste III Concurso de Traballos por Proxectos os centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, das distintas tipoloxías.
3. As experiencias seleccionadas serán galardoadas con asignacións extraordinarias para o funcionamento da biblioteca escolar, a través da partida orzamentaria 10.60.423A.640.5 destinada a programas de atención á biblioteca escolar, do orzamento da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o ano 2016, e por un máximo global de 30.500 €.
4. Os premios serán compatibles con outros ingresos ou recursos destinados á biblioteca escolar e ao seu funcionamento, así como premios de innovación ou outros, procedentes de calquera Administración pública, entes públicos ou privados, da comunidade, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

#### Apartado 2. Modalidades de participación.

Os centros participantes deberán optar por unha destas modalidades:

1. Proxectos de carácter interdisciplinario, ou *Proxectos Documentais Integrados*<sup>1</sup>, coordinados desde a biblioteca escolar, e que contén coa participación dun mínimo do 40% dos grupos-aula existentes no centro (ou un 40% dos departamentos).
2. Proxectos de investigación dirixidos por profesorado dun grupo, nivel, ciclo ou departamento, nas seguintes sub-modalidades:
  - a. Traballos de grupo/nivel
  - b. Traballos de ciclo/departamento
  - c. Proxectos realizados na materia de libre configuración de 1º/2º de ESO “Investigación e Tratamento da Información”, ou noutras materias equivalentes en ESO ou primaria.

Todos estes traballos teñen que realizarse co apoio e colaboración da biblioteca escolar e contando cos seus recursos e posibilidades.

<sup>1</sup> *Proxecto Documental Integrado: pequeno trabalho de investigación nos que o alumnado, ademais de indagar sobre un tema ou problema concreto, se familiariza cos mecanismos de busca de información e traballo intelectual, empregando para iso os recursos documentais da biblioteca escolar (Rosa Piquín).*



A temática do proxecto escollida pode ser de calquera ámbito do coñecemento, pero se contemplará un apartado especial de traballos do ámbito científico.

### Apartado 3. Requisitos e modo de presentación de traballos.

1. Cada centro poderá presentar un só traballo na modalidade 1 e ata un máximo de catro traballos na modalidade 2.
2. Os proxectos responderán a temas de interese do alumnado ou pertinencia educativa, desenvolverán contidos curriculares e deberán contribuír á adquisición de competencias claves do alumnado, o que deberá detallarse.
3. A **solicitud de participación**, coa información recollida no anexo I desta convocatoria, presentarase mediante a persoa responsable da dirección do centro, a través dun formulario dispoñible na páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia, no enderezo <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog?q=node/851>. Anexarase unha memoria (cun máximo de 14 páxinas) que contemple os seguintes apartados:
  - a. Introdución (xustificación e planificación con referencia aos contidos curriculares, criterios e estándares de avaliación, así como competencias clave a desenvolver a través do proxecto; calendario para as tarefas previstas, alumnado e profesorado participante, organización para aúa realización...)
  - b. Obxecto ou temática de investigación propostos.
  - c. Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta.
  - d. Documentación elaborada para profesorado e alumnado.
  - e. Relación das tarefas más importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.
  - f. Recursos utilizados así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación.
  - g. Implicación da comunidade educativa, no seu caso.
  - h. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.
  - i. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliação e as competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.
  - j. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.

Incluirase material gráfico (formatos jpg ou png), materiais elaborados desde a biblioteca ou directamente polo alumnado, en arquivo pdf, ou unha dirección url no que están aloxados e se poden consultar; o material multimedia elaborado, en arquivos SWF, FLV, MP4, ODP, PPT, así como o enderezo do espazo web que, no seu caso, recolla os recursos empregados e os produtos finais do proxecto.

4. O prazo para a presentación de solicitude de participación, das memorias correspondentes e do resto da documentación remata o **30 de xuño de 2016**.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá solicitar dos centros a documentación complementaria que estime oportuna antes de resolver a convocatoria.

**Apartado 4. Xurado para a valoración dos proxectos.**

1. Establecerase un xurado para a valoración dos traballos presentados, presidido polo Director Xeral de Centros e Recursos Humanos, ou persoa en que delegue, e estará integrado por:

- ✓ A Subdirectora Xeral de Centros
- ✓ As persoas responsables da Asesoría da Asesoría de Bibliotecas Escolares
- ✓ A persoa responsable do departamento de formación en materia de bibliotecas escolares do CAFI (Centro Autonómico de Formación e Innovación), da Rede de Formación do Profesorado.
- ✓ Un/unha funcionario/a da Subdirección Xeral de Centros, que actuará como secretario/a con voz e sen voto.

O xurado poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica formada por profesorado experto a efectos de colaboración na valoración das experiencias presentadas.

**Apartado 5. Criterios de valoración**

Teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

- a) Orixinalidade, interdisciplinariedade do proxecto e calidade técnica do traballo realizado. Máximo 15 puntos.
- b) Contribución ao desenvolvemento do currículo e adquisición de competencias clave. Máximo 20 puntos.
- c) Contribución específica a competencia informacional e mediática do alumnado, mediante actividades integradas no desenvolvemento do proxecto. Máximo 18 puntos.
- d) Participación de alumnado, profesorado e comunidade educativa no seu conxunto. Máximo 17 puntos.
- e) Aproveitamento das posibilidades e os recursos da biblioteca escolar. Máximo 20 puntos.
- f) Integración da biblioteca e outros equipos e programas do centro para o desenvolvemento do proxecto. Máximo 10 puntos.

**Apartado 6. Resolución do concurso.**

Serán galardoados os traballos con maior puntuación en cada unha das modalidades contempladas nesta convocatoria, e sempre que acaden unha puntuación superior a 60 puntos. Os premios poderán declararse desertos en unha ou varias das modalidades contempladas. Cando isto ocorra poderá ampliarse o número de traballos seleccionados nalgúnha das outras modalidades, coa redistribución das asignacións pertinente.

- ✓ Modalidade 1:
  - Catro premios con asignación de 2.000€, destinada a atender as necesidades da biblioteca escolar, especialmente no ámbito da información, para proxectos de temáticas xerais.
    - Tres premios de iguais características, para proxectos de ámbito científico.
- ✓ Modalidade 2:
  - Traballos de grupo/nivel: Dous premios con asignación de 1.500€ destinada a atender as necesidades da biblioteca escolar, especialmente no ámbito da información, para proxectos de temáticas xerais.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

- Dous premios de iguais características para traballos sobre temáticas de ámbito científico.
- Traballos de ciclo/departamento: dous premios con asignación de 1.500€ destinada a atender as necesidades da biblioteca escolar, especialmente no ámbito da información, para proxectos de temáticas xerais.
  - Dous premios de iguais características para traballos sobre temáticas de ámbito científico.
- Proxectos realizados na materia de libre configuración de 1º/2º de ESO “Investigación e Tratamiento da Información”, ou noutras materias equivalentes en ESO ou primaria: Dous premios con asignación de 1.500€ destinada a atender as necesidades da biblioteca escolar, especialmente no ámbito da información, para proxectos de temáticas xerais.
  - Un premio de iguais características para traballos sobre temáticas de ámbito científico.

#### Apartado 7. Resolución

Trala resolución do xurado, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fará público a través do Portal Educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o resultado deste concurso, nun prazo de seis meses a contar desde a finalización do prazo de presentación da solicitude de participación e dos traballos realizados, transcorridos os cales sen que houbese resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude.

A consellería poderá convocar aos responsables dos centros e dos traballos presentados a un acto de entrega simbólica dos galardóns. As asignacións realizaranse directamente na conta dos centros seleccionados. Xustificarase o gasto realizado en impresos específico que se poñerá a disposición dos centros.

#### Apartado 8. Difusión das experiencias

Os proxectos serán propiedade dos seus autores pero estes recoñecen (pola simple participación nesta convocatoria) á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o dereito de reprodución, publicación, difusión, distribución e comunicación (en calquera soporte e formato) dos proxectos premiados para a súa consulta e descarga en liña do seu contido en calquera dos medios dispoñibles (nomeadamente na páxina web de Bibliotecas Escolares de Galicia<sup>2</sup>), e en calquera das formas, medios e modalidades que a tecnoloxía permita. Así mesmo, poderán ser difundidos a través das actividades e dos medios da Rede de formación permanente do profesorado. Os centros poderán publicar estes traballos nos seus espazos web indicando, no seu caso, que foron obxecto de recoñecemento por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través deste concurso.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2016

O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS



<sup>2</sup> <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

## ANEXO I

ACTUACION

### Solicitud de participación no III CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS desde/coa Biblioteca Escolar realizados durante o curso 2015/2016

DOCUMENTO  
SOLICITUDE

#### DATOS DO SOLICITANTE

Nome do Centro	Código	Nº de alumnos/as
Enderezo		
Concello	C.P.	Tfno.
e-mail		

Don/Dona ....., como director/a do centro, solicita a participación na convocatoria do III CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de .... de ..... de 2016, pola que se recoñece e impulsan experiencias de trabalho por proxectos coordinados desde a biblioteca escolar ou realizados coa participación e colaboración desta.

As contías asignadas, no caso de que o proxecto que se presenta resulte galardoado, dedicaranse integralmente á atención da biblioteca escolar, especialmente no ámbito da información.

En ..... a ..... de ..... de 2016

Asdo.: .....

#### Modalidade pola que se presenta (*marcar cun X segundo corresponda*)

- Modalidade 1: Proxectos de carácter interdisciplinar cun mínimo dun 40% de participación  
Título do proxecto:

- Modalidade 2:

Traballos de grupo/nivel	Nº de proxectos presentados
Traballos de ciclo/departamento	Nº de proxectos presentados
Proxectos realizados na materia Proxectos realizados na materia de libre configuración de 1º/2º de ESO “Investigación e Tratamiento da Información”, ou noutras materias equivalentes en ESO ou primaria.	

- Temática xeral  
 Temática de ámbito científico

#### Documentación que se presenta

- Breve memoria sobre a realización do proxecto (en arquivo editable e arquivo pdf)  
 Material gráfico (en formato jpg ou png)  
 Materiais elaborados (arquivo pdf)  
 Material multimedia ou dixital: url no que está aloxado ou arquivo SWF, FLV, MP4, ODP, PPT  
 Endereço url do espazo web no que está aloxado o proxecto:  
 Outros materiais

Presentarase a través da persoa responsable da dirección do centro mediante un formulario disponible na páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia, no endereço <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog?g=node/851>

**SR. DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
SAN CAETANO – 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA**